

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: IES EDUARDO PONDAL**  
**CURSO: 3º ESO**  
**MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA**  
**DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA**  
**DATA: 070520**

**Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

### 1.1 Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias nos que se basearán as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.

a) Estes serán os criterios de avaliación, estándares e competencias sobre os que se traballará co alumnado que non tendo superadas a 1ª ou 2ª avaliación e a media das dúas non lle da 5 ou máis (traballarán as aprendizaxes da avaliación suspensa), e .o alumnado que non ten superadas nin a 1ª nin a 2ª avaliacións (traballarán as aprendizaxes das dúas avaliacións).

b) Estes serán os criterios de avaliación, estándares e competencias sobre os que se traballará co alumnado que a día de hoxe ten superadas a 1ª e a 2ª avaliación ou que tendo unha avaliación suspensa, a media das dúas lle da 5 ou máis.

Todo o alumnado traballará sobre as mesmas aprendizaxes e competencias imprescindibles, a diferenza entre uns e outros estará nas actividades que desenvolverán, actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores.

Física e Química. 3º de ESO		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A actividade científica 1ª e 2ª Avaliación		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB1.1.1. Formula hipóteses para explicar fenómenos cotiáns utilizando teorías e modelos científicos.</li> </ul>	CAA CMCCT
	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. FQB1.1.2. Rexistra observacións, datos e resultados de maneira organizada e rigorosa, e comunicaos oralmente e por escrito, utilizando esquemas, gráficos, táboas e expresións matemáticas.</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• FQB1.2.1. Relaciona a investigación científica coas aplicacións tecnolóxicas na vida cotiá.</li> </ul>	CAA CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Aplicar os procedementos científicos para determinar magnitudes e expresar os resultados co erro correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.1. Establece relacións entre magnitudes e unidades, utilizando preferentemente o Sistema Internacional de Unidades e a notación científica para expresar os resultados correctamente.</li> </ul>	CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.3.2. Expresa os resultados de medicións correctamente no Sistema Internacional de Unidades.</li> </ul>	CAA CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ fB1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes no laboratorio de física e de química, e describir e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección ambiental.</li> <li>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.4.1. Identifica material e instrumentos básicos de laboratorio e coñece a súa forma de utilización para a realización de experiencias, respectando as normas de seguridade e identificando actitudes e medidas de actuación preventivas.</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.1. Selecciona, comprende e interpreta información salientable nun texto de divulgación científica, e transmite as conclusións obtidas utilizando a linguaxe oral e escrita con propiedade.</li> </ul>	CAA CCL CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.5.2. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.</li> </ul>	CD CSC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación en que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización das TIC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB1.6.1. Realiza pequenos traballos de investigación sobre algún tema obxecto de estudo aplicando o método científico, e utilizando as TIC para a procura e a selección de información e presentación de conclusións.</li> </ul>	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
Bloque 2. A materia (1ª Avaliación) e 2ª Avaliación)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos de diferentes teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e a comprensión da estrutura interna da materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.1. Representa o átomo, a partir do número atómico e o número másico, utilizando o modelo planetario.</li> </ul>	CCEC CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.2. Describe as características das partículas subatómicas básicas e a súa localización no átomo.</li> </ul>	CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.1.3. Relaciona a notación <math>{}^A_ZX</math> co número atómico e o número másico, determinando o número de cada tipo de partículas subatómicas básicas.</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.2.1. Explica en que consiste un isótopo e comenta aplicacións dos isótopos radioactivos, a problemática dos residuos orixinados e as solucións para a súa xestión.</li> </ul>	CMCCT CSC
Elementos e compostos (2ª Avaliación)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Interpretar a ordenación dos elementos na táboa periódica e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ FQB2.3.1. Xustifica a actual ordenación dos elementos en grupos e períodos na táboa periódica.</li> </ul>	CMCCT

recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.3.2. Relaciona as principais propiedades de metais, non metais e gases nobres coa súa posición na táboa periódica e coa súa tendencia a formar ións, tomando como referencia o gas nobre máis próximo.</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Describir como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.4.1. Explica o proceso de formación dun ión a partir do átomo correspondente, utilizando a notación adecuada para a súa representación.</li> </ul>	CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.4.2. Explica como algúns átomos tenden a agruparse para formar moléculas interpretando este feito en substancias de uso frecuente, e calcula as súas masas moleculares.</li> </ul>	CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en substancias de uso frecuente e coñecido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.5.1. Recoñece os átomos e as moléculas que compoñen substancias de uso frecuente, e clasifícaa en elementos ou compostos, baseándose na súa fórmula química.</li> </ul>	CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.5.2. Presenta, utilizando as TIC, as propiedades e aplicacións dalgún elemento ou composto químico de especial interese a partir dunha procura guiada de información bibliográfica e dixital.</li> </ul>	CAA CCL CD CMCCT CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>FQB2.6.1. Utiliza a linguaxe química para nomear e formular compostos binarios seguindo as normas IUPAC.</li> </ul>	CCL CMCCT

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: O profesor terá que recabar de forma sistemática, ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe, evidencias do progreso dos seus alumnos e alumnas. Para iso é imprescindible a recollida e rexistro de ditas evidencias de aprendizaxe. O profesor realizará o seguimento das actividades propostas e completadas polo alumnado, reflectíndoo nos seus rexistros, de forma individualizada, de modo que permita constatar o nivel de desemprego e autonomía, así como a actitude e esforzo realizado, e que constituirá o instrumento básico de avaliación. Á hora de realizar o proceso de avaliación consideraranse as limitacións que poden producirse para o alumnado á variedade de estilos cognitivos do alumnado e a importancia da competencia de “Aprender a aprender”</p> <hr/> <p>Instrumentos: – <b>Caderno do profesor</b> no que irá recollendo de maneira sistemática os datos observados/recollidos sobre como o alumno vai facendo progresos. – <b>Revisión e análise das tarefas realizadas polo alumnado.</b> – <b>Tutorías individualizadas co alumnado</b> vía correo electrónico -- <b>Probas obxectivas</b> (non se contemplan, agás que se puidesen levar a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria porque se retome a actividade presencial).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Na avaliación final do alumnado se terán fundamentalmente en consideración os resultados das dúas primeiras avaliacións e, a partir deles, se engadirán só de forma positiva todas as actividades realizadas polo alumnado durante o terceiro trimestre. <b>A avaliación do alumnado que durante o tempo de actividade educativa presencial non adquirise as aprendizaxes e competencias previstos (alumnado con a 1ª ou a 2ª avaliación suspensa e que a media da cualificación delas non da 5 ou máis ou alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións suspensas):</b> Neste caso, durante o terceiro trimestre plantexaráselles actividades dirixidas a conseguir as aprendizaxes e competencias correspondentes aos trimestres 1º e 2º, consideradas agora como imprescindibles, é dicir, á recuperación das citadas avaliacións. <b>O logro desas aprendizaxes dará lugar á cualificación de 5 na avaliación final da materia. Se este alumnado entrega tamén as tarefas correspondentes ás aprendizaxes do 3º trimestre, e consegue ás mesmas, poderá ver incrementado ese 5 ata nun 20 %</b>, dependendo do grao de desenvolvemento de traballo autónomo por parte do alumnado, (aínda que acompañado e dirixido polo profesor), do nivel de profundización e ampliación de novas aprendizaxes e do desenvolvemento competencial. <b>A avaliación do alumnado que presencialmente sí tiña acadado as aprendizaxes e competencias previstas nas dúas primeiras avaliacións (alumnado coas dúas avaliacións aprobadas ou alumnado cunha avaliación suspensa que a media das dúas da 5 ou máis):</b> Durante o terceiro trimestre plantexaráselles actividades dirixidas á ampliación das aprendizaxes anteriores. Para este alumnado, a <b>consecución das aprendizaxes e competencias programadas para o 3º trimestre poderá</b></p>

	<b>supoñer incremento de ata un 20% á media da 1ª e 2ª avaliacións</b> , dependendo do grao de desenvolvemento de traballo autónomo por parte do alumnado, (aínda que acompañado e dirixido polo profesor), do nivel de profundización e ampliación de novas aprendizaxes e do desenvolvemento competencial.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Nas datas que se indiquen, realizarase unha proba escrita sobre as aprendizaxes traballadas de forma presencial.
<b>Avaliación de materia pendentes</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os mínimos esixibles aos alumnos de 3º de ESO coa materia de Física e Química de 2º de ESO pendente serán os mesmos que traballaron en Física e Química de 2º de ESO no curso 18/19, e que son os que se recollen na programación didáctica sen adaptación. Seguiranse tamén os mesmos obxectivos e criterios de avaliación.</p> <p>Os contidos son os referidos ás UD (séguese a nomenclatura de UD do curso pasado, xa que foi a que utilizou o alumnado); Unidade 1. A materia e a medida; Unidade 2. Estados da materia; Unidade 3. A diversidade da materia; Unidade 4. Cambios na materia; Unidade 5. Forzas e movementos; Unidade 6. As forzas na natureza; Unidade 7. A enerxía; Unidade 8. Temperatura e calor</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p><b>Se a situación sanitaria permite retomar a actividade presencial</b>, realizarase unha proba escrita nas datas que se indiquen, o cal constituirá o 80% da cualificación e o 20% restante a cualificación dos boletíns.</p> <p><b>Se non se retoma a actividade presencial</b>, a cualificación corresponderá na súa totalidade aos boletíns de exercicios, o 2º dos cales está pendente de entrega, a data de entrega do mesmo se lle comunicará ao alumnado por correo electrónico con tempo suficiente.</p> <p>Os criterios de cualificación e de corrección da proba escrita son os mesmos que os aplicados ás outras probas escritas.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Na programación estaba previsto a realización dunha proba escrita no mes de maio e a recollida de dous boletíns de exercicios (o 1º no mes de xaneiro de 2020 e o 2º no momento da proba escrita).</p> <p>Adáptase o previsto da forma seguinte:</p> <p><b>Se a situación sanitaria permite retomar a actividade presencial</b>, realizarase unha proba escrita nas datas que se indiquen, o cal constituirá o 80% da cualificación e o 20% restante a cualificación dos boletíns.</p> <p><b>Se non se retoma a actividade presencial</b>, a cualificación corresponderá na súa totalidade aos boletíns de exercicios, o 2º dos</p>

	<p>cales está pendente de entrega, a data de entrega do mesmo se lle comunicará ao alumnado por correo electrónico con tempo suficiente.</p> <p>O alumnado que non aprobe a materia na avaliación de xuño, poderá presentarse a unha proba escrita extraordinaria no mes de setembro.</p>
--	---

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>Segundo o caso:</p> <p>Actividades que inclúan problemas numéricos e cuestións teóricas.</p> <p>Resumes, esquemas e/ou mapas conceptuais</p>
<b>Metodoloxía</b>	<p>Nesta situación de docencia non presencial, tratarase de implicar ao estudante nos procesos de busca de información, reflexión, aplicación e comunicación do coñecemento. Valorase como unha oportunidade especial para o desenvolvemento da competencia aprender a aprender.</p> <p>Proporanse distintas tarefas, traballos e actividades que se definirán en base a dous niveis, que se terán en conta posteriormente para a avaliación final.</p> <p><b>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias nas dúas primeiras avaliacións:</b> proporánselles actividades que lles axuden a adquirilas, consideradas agora como imprescindibles e así recuperar esas avaliacións, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo. Tamén poderán entregar as actividades de ampliación das aprendizaxes anteriores.</p> <p><b>Para o alumnado que presencialmente sí tiña acadado as aprendizaxes e competencias previstas:</b> plantexaráselles actividades dirixidas á ampliación das aprendizaxes anteriores.</p> <p>Na medida do posible, se ofrecerá ao alumnado unha retroalimentación das tarefas traballadas, de maneira que se favoreza a mellora das aprendizaxes e o desenvolvemento e a adquisición das competencias.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	Aula virtual do IES Eduardo Pondal e correo electrónico (para a atención individualizada ao alumnado)

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Correo electrónico dado que todo o alumnado ten unha conta de correo do ieseduardopondal.org e aula virtual.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.



